

# Consolidar o persoal investigador, o gran reto


Educación investirá 19 millóns de euros para capital humano e dar pulo ás infraestruturas. As tres universidades galegas contarán con máis dun centenar de novos profesionais

A. Carnero

■ As tres universidades galegas incorporarán aos seus equipos máis dun centenar de investigadores, cando finalicen os seus contratos Ramón y Cajal e Parga Pondal. Será grazas a un programa contrato asinado entre Educación e as tres universidades galegas. Este plan forma parte dun paquete de medidas que conta cunha dotación de 19 millóns de euros e que van dirixidos a incentivar a incorporación de novos investigadores e a dar un novo pulo ás infraestruturas científico-tecnolóxicas.

Esta cuantía, preto dun millón e medio investirase en promover a intensificación da función investigadora co obxectivo de recoñecer a actividade investigadora nos plans de organización docente. Con este programa contribuirase, entre outros aspectos, á incorporación do persoal de posdoutoramento para corrixir a precariedade dunha parte do persoal investigador e favorecer a renovación xeracional coa incorporación de novos investigadores. A distribución dos fondos ás tres universidades atenderá a criterios de experiencia e calidade científica e a obxectivos estratéxicos e terase tamén en conta a capacidade de cada universidade para incorporar novo persoal docente investigador ou doutores con perfil investigador.

O obxectivo do programa é que Galicia atraia aos mellores nas áreas nas que a comunidade é boa e competitiva. Neste senso, estarían a física, matemáticas, química orgánica, investigación mariña e filoloxía e literatura, como algunhas



O programa pretende resolver carencias como as da imaxe

ÁLVARO BALLESTEROS

das seccións máis punteiras en investigación científica.

Nos dous últimos anos, un total de 170 investigadores estiveron realizando labores de investigación nas tres universidades galegas dentro dos programas de investigación Parga Pondal e Ramón y Cajal. Deste total, 121 continúan a súa formación como bolseiros, e 49 xa están estabilizados no sistema. Así, cada ano estabilízanse ao redor de 20 bolseiros.

Outra das accións refrense á renovación de equipamento e de infraestruturas máis competitivas. Con esta acción financiaranse, por exemplo, na Universidade de Santiago de Compostela, o equipamento dos novos laboratorios de

Radiofísica e Física de Altas Enerxías, ou dos laboratorios de Investigación no novo Centro de Investigación en Bioloxía; na Universidade de Vigo, o novo Laboratorio de Antenas e os Laboratorios de Calidade e Seguridade Alimentaria no Campus de Ourense; e na Universidade de A Coruña, a ampliación dos Centros de Investigación en Tecnoloxías da Información e Comunicacións e Tecnoloxías da Construción e Enxeñaría Civil.

A estes acordos súmase o programa posto en marcha pola Consellería de Educación en 2006 destinado a consolidar as unidades e grupos de referencia do SUG. Deste plan véñense beneficiando desde

ese ano un total de 134 grupos de investigación que, a día de hoxe, engloban ao redor de 900 científicos e que recibiron un total de 141 axudas.

Na convocatoria de 2008, na que se conceden un total de 20 axudas, 8 son para grupos de referencia competitiva, 7 para grupos emerxentes, 1 para Redes e 4 para Agrupacións estratéxicas. En concreto, nesta última modalidade que se estrea este ano, reciben axudas as agrupacións Cimus (área de actividade: Biomedicina) e Ciqus (Química) da USC, Citic (TIC -software-) da Universidade de A Coruña e Ecimat (Ciencias do Mar) da Universidade de Vigo, que engloban, respectivamente, a 9, 9, 7 e 15 grupos de investigación.



## El fraude bancario crece en Internet

**Consumo | 2** | El delito informático más común, el que imita las páginas de las entidades financieras (phishing), supone ya el 60% del total de las infracciones en Internet. Adicae advierte a los usuarios de que el fraude va en aumento.



## Vender para renovar cos datos seguros

**Novas tecnoloxías | 7** | O Nadal trae consigo a renovación dos nosos medios tecnolóxicos. Para xubilar os vellos podemos facer uso de Internet, pero debemos ter coidado cos datos persoais do disco duro antigo antes de vender os aparellos vellos.



## La brecha digital frena la wifi en Galicia

**Nuevas Tecnoloxías | 8** | La conexión a Internet desde cualquier sitio o espacio es una realidad con las redes inalámbricas. Sin embargo, los ciudadanos aún prefieren navegar por la Red en casa o en el trabajo.

## OUTRAS NOTICIAS DE ACTUALIDADE

### O mundo da infancia a debate

■ O próximo mes de abril, Santiago acollerá a prestixiosos profesionais de diferentes países que debaterán sobre os mellores métodos para evitar problemas na infancia como malos tratos, violencia nos colexios ou dificultades de aprendizaxe asociados a algún tipo de trastorno. Será no Congreso Internacional «Avanzamos con eles, o mundo da infancia a debate», organizado pola Unidade de Atención Temprá.

### Pouco fomento municipal do deporte

■ O 94% dos municipios galegos non conta cun órgano especial de administración para regulalo sendo unha das responsabilidades das entidades públicas, a de fomentar a práctica do deporte. Esta é a principal conclusión de José Fernández na súa tese na que analizou a situación da xestión deportiva municipal en Galicia. Fernández fixo unha análise dos 315 municipios de Galicia sobre varios criterios.

### Escasa influencia das novas tecnoloxías

■ Investigadores da (USC) alertan da existencia dunha fenda entre as dotacións tecnolóxicas dispoñibles na educación galega e o uso que os docentes fan das mesmas. Os resultados do grupo de investigación 'Stellae' amosa que as novas tecnoloxías se están implantando no ámbito educativo para seguir facendo o mesmo que se facía ata o de agora, de xeito que non están introducindo grandes cambios.